

Manuel Rodríguez
Campión de España

Páxina 2

Andaina e concerto de
Roí Casal na Festa da
Lamprea Seca en Arbo

Páxina 10

Remodelación do
goberno de Tui

Páxina 14

José Rodríguez, Elvira
Lemos e Juan Soto
Salcedenses Distinguidos

Páxina 17


O Porriño ofrece unha
parcela para unha
guardería no Polígono
da Granxa

Páxina 18



O goberno de Ponteareas presenta os orzamentos de 2018

Páxina 8



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O último concerto de rúa abre paso ao Rock in Rio Tea

A concellería de Hostalería, Consumo e Comercio e a organización do Festival Rock in Rio Tea pechan o ciclo de concertos de rúa celebrados como antesala do arranque do festival e que permitiron ter música en directo nas rúas e prazas de Ponteareas nos arredores dos locais de hostalería colaboradores.

Durante cinco sábados todos e todas poidemos gozar da música rock grazas á iniciativa da organización que xunto coa concellería de Hostalería dirixida por Inés Vidal levaron o rock de tourné por Ponteareas.

Co obxectivo de promover a hostalería de Ponteareas a concellería involucrouse ao 100% coas propostas do Rock

in Rio que xa comeza coa conta atrás ata o día 20 e 21, días da grande cita na que actuarán grupos como Stoned at Pompeii, MET, The Parrots, Terbutalina, Basanta, Her Name Was Fire, Atomic Lemons e os agardados Gran Cañón, grupo do que forman parte, entre outros, Carlos Tarque, Leiva ou Julián Maeso.



Manuel Rodríguez Campión de España Cadete de ciclismo escolar



O corredor Manuel Rodríguez, do Club Ciclista Ponteareas, proclamouse campión de España escolar. O ciclista ponteareán foi seleccionado para representar á selección

galega de ciclismo nos campionatos de España escolares que se celebraron en Ourense, onde se impúxo ante o resto e logrou o título de campión de España cadete.

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra entregou os seus "XIII Premios de Educación - Curso 2017/2018"

Foron entregados no Salón de Plenos os 'Premios de Educación do Concello de Salvaterra de Miño' creados co ánimo de incentivar o estudo e reforzar actitudes e hábitos relacionados co traballo, esforzo, participación e convivencia entre os xóvenes.

Os premiados cos lotes informáticos compostos por unha 'Tablet Samsung Galaxy', funda, Powebank e tarxeta de memoria de 32 GB, foron os seguintes: Polo CEP Carlos Casares de Alxén: Eva Fernández Acuña e Ana Bernárdez Colaci, polo CEIP de Leirado: Miguel Ángel Arnadáns Rodrí-

guez e Ainoa Cambra Costas, polo CEIP Infante Felipe de Borbón: Ariadna Pereira Campos, Iris Abril Teijeira, Daniel Pereira Cambra, Nerea Pereira Araujo e Idaira López González, polo IES de Salvaterra de Miño: ESO: Laura María Cadilla Alves, Alba Presa Lorenzo e Alex Rodríguez Rodríguez, cunha mención especial a Alba Porto Castro, Ciclo Medio de Soldadura e Calderería: David Vázquez Groba e FP Básica de Carpintaría e Moble: Roberto Domínguez Puentes.

Os tres mellores expedientes de 2º de Bacharelato, que acadaron as bolsas de

estudo que consistirán nunha viaxe a Reino Unido - Worthing (costa sur de Inglaterra) co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa son: Uxía Lage Vidal, Leonardo David Rodríguez Alvarado e Candela González Calvar. Neste apartado tamén houbo unha mención especial para Sara Domínguez Rodríguez.

O Concello de Salvaterra foi un dos primeiros e dos poucos que a día de hoxe premian a excelencia académica pondo en valor o esforzo escolar. A posta en marcha desta iniciativa é "premiar" os mellores estudantes foi froito da cola-



boración e traballo conxunto entre a administración local e os centros educativos do municipio para fomentar o traballo

nas aulas e de paso, evitar o fracaso escolar incentivando o esforzo e premiando o traballo e a constancia.

Axudas para material escolar

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou as bases e a convocatoria específica de concesión de axudas económicas de 75,00€ destinadas á adquisición de libros e material escolar de cara ao próximo curso 2018-2019.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 9 xullo ao 9 agosto, ambos inclusive. Os interesados en solicitar esta axuda económica deberán presentar as solicitudes xunto coa documentación esixida polo Departamento de Servizos Sociais, os martes, mércores

ou xoves, nese mesmo departamento, de 08.00 a 14.00 horas.

É necesario aportar xunto coa solicitude o DNI ou NIE dos membros da unidade familiar, o libro de familia e xustificantes dos ingresos da unidade familiar do ano en curso. Os interesados terán que achegar o recibo de aluguer ou o certificado bancario en caso de estar pagando unha hipoteca da súa vivenda habitual. Ademais, é necesaria unha copia da declaración de renda e sentencia e convenio regulador en caso de divorcio.

Ruta Motos Clásicas Festa dos 80, nas Neves

O Sábado 4 de Agosto, en As Neves farase a "Ruta Motos Clásicas Festa dos 80" organizada por A.C. As Neves Group e o M.C. Curvas da Trincheira.

O evento reunirá a motos clásicas que farán unha ruta e rematará na Praza Maior onde haberá "Sesión Vermú" con aperitivo e primeira consumición gratuita para participantes e coa música do grupo "La Banda de Mazinger".

A xuntanza para a ruta realiza-

rase no Restaurante-Café Onde Vamós (enfrente gasolinera As Neves Petronor) a partir das 10,00 h. para efectuar a saída as 10,30 h. A chegada será as 12,30h.

As motocicletas participantes terán una idade superior aos 35 anos excepto Vespas e Lambretas matriculadas antes 1995. Hai que inscribirse antes do día no facebook de AC As Neves Group ou no Blog MC Curvas da Trincheira ou por whatsapp no 609026699.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS



A Coral do Centro Artístico Sportivo en Zamora

A coral Polifónica do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas pon música no Curso de Verán en Zamora sobre Luis de Trelles.

Con tal motivo desprazouse a Zamora os días 7 e 8

de Xullo. O día 7 tuvo lugar un concerto no auditorio Santa María la Nueva con grande asistencia de público que apludiu calurosamente cada unha das interpretacións de esta coral.

O día 8 actuou na Catedral de Zamora cantando na misa de 1. O remate da mesma, interpretou catro composicións, dúas do repertorio galego.

Volveron moi satisfeitos da súa estada en Zamora donde o público que asistió os actos comentou a gran calidade de esta agrupación.

GALICIA LATEXA CON FORZA DENTRO DE NÓS

o 25 de xullo é o día de festexar todo o que nos une.



25^{xullo}

ELIXE
GALICIA.

galicia
o bo camiño

XUNTA
DE GALICIA
xunta.gal

■ **Por: Guillermo Rodríguez. Director**



25 de xullo, “Día da Patria” ou “Día da República”?

Tranquilos; non se me alteren que non estamos declarando a República unilateralmente. Facemos este xogo de palabras porque nestes momentos da historia vémonos asulagados pola información que nos chega dalgúns medios; outros calan coma mortos. Entenden que os cidadáns non teñen por que coñecer certos temas; para ese traballo xa están as Redaccións pesebristas e os políticos que gobernan.

A Monarquía corre serio perigo de esvaeirse; adiantémonos logo e proclamemos a República Galega das palabras; de momento. Un ínclito comentarista dun reputado xornal escribía días pasados: “Queren acabar con Franco, agora métense co Rei emérito e logo irán a pola Monarquía”. Ao mellor ten razón, non lles parece? O que non sabía eu era que puideramos acabar con Franco e tiveramos que esperar 40 longos anos.

Como a propia definición nos di: “República chámase á organización do Estado na que o exercicio do goberno corresponde a unha ou varias persoas elixidas mediante voto popular ou parlamentario, por períodos de tempo limitados, para representar os intereses cidadáns. A verba procede do latín “res publica”, ou sexa, a cousa pública, o que é da xente do común, como diría o amigo Beiras. Platón é o pai da criatura.

A prensa pesebrista (a súa maioría) víñanos preparando para que non nos chegáramos a crer que o novo goberno ía facer algo máis e mellor do que o fixera o goberno anterior do PP. O novo Presidente, Pedro Sánchez, ten unha patata quente nas máns. Ben, eu penso que ten un saco delas. Prometeunos que se Montoro non facía pública a re-

lación de defraudadores á facenda, aqueles miles deles que tiñan fortunas en paraísos fiscais aos que se lles prometeu lavar todo ese diñeiro sucio con tal que pagaran un chisco á Facenda, el comprometíase a facelo cando chegara ao Poder. Claro que Pedro Sánchez, neses momentos en que se lle quentou a boca, nin en soños pensaba chegar á Moncloa tan cedo. Agora dinos que a lei non o permite. Pedriño, a lei cambiase como fixo Montoro.

Se non podes dínolo á cara; dinos que non tes apoios para facelo porque nese lote de defraudadores seguramente están “dos teus”, e dos que teñen que apoiarte no Parlamento. Pero se queres que os cidadáns che outorguen poder suficiente, nas próximas, para non depender de defraudadores tes que explicalo con toda claridade.

Asistimos a un espectáculo de prim time, como din os entendidos na materia. O noso “vello petrucio real” anda nos papeis coma un “caco máis” dos defraudadores á Facenda. Collérono pola bragueta. Estes borbóns son todos iguais!!!

Os emperadores romanos tiñan un bufón que cando ían sair á tribuna lles lembraba “que non era máis ca un home”. Ao noso emérito (menudo palabra), alguén lle tiña que lembrar que para erixir o fillo (en quen tiña postas todas as súas complacencias) tivo que quedar cáseque espido. Agora, como nos ven de informar a Ministra de Xustiza, o emérito D. Juan I xa non é inviolable, soamente está aforado. Claro

que estes individuos, mentalizados de que a eles o Poder lles viña do ceo, as palabras da Ministra poida que lles soen a música celestial. No entanto, o pote está a ferver. Non se sabe ben a cantos vaia queimar. De calquera xeito, aínda que non poidamos ver a este borbón ligón e zumbón na cadeira dos acusados, o que si é xa irrefutable é o feito de que a Monarquía está tocada de morte.



Un rei cobrando millonarias comisións para axenciar obras a empresas españolas (que se fixeron “de ouro” nos tempos do franquismo e que aínda seguen a mamar do ubre do Estado) no exterior non é presentable. O seu fillo, hoxe tan rufo fronte os cataláns e tratando de gañarse a simpatía do persoal, non sabía nada disto? Non sabía que xa seu avó apoiara con cartos a Franco e que solicitou se lle permitira ir á Guerra vestido de falanxista? Non sabía da fortuna da súa familia que apareceu “neses curiosos papeis” en paraísos fiscais?

Seu bisavó saíu de España no 1931, pero non saíu descalzo; seu tío Constantino de Grecia saíu do trono pero ben calzado (leva décadas vivindo por europa adiante a corpo de rei (e nunca mellor dito); seu avó repartiu unha copiosa fortuna, parte dela xa descuberta ás súas tías polas autoridades contra a

fraude fiscal; de seu pai dise que posúe unha fortuna de máis de mil millóns de euros; que ocorre? O novo rei non se entera de nada? E se está enterado, que pensa facer? Mirar para outro lado? O porto de Caraxena segue estando habilitado para o exilio “detrás” do seu bisavó.

Agora, tarde piaches, amigo!! Os cidadáns desta pel de touro non estamos dispostos a que esta monarquía que non queren meter coma o ungüento de Fierabrás que ía dar tranquilidade ao país, demóstranos que seguen dispostos a chucharnos o sangue, a suor e as bágoas. Agora, amigo, aquí ou xogamos todos ou rompemos a baralla. Non se pode adoptar unha posición de ignórate diante das falcatrudas da familia e logo aparecer coma o abandeirado das esencias patrias cando se ve que “a familia” correo perigo de perder o seu status. En tal caso que faga unha declaración xurada renunciando a todo o que proveña do patrimonio familiar que non estea legalmente declarado diante da Facenda do Estado. A insistencia do actual goberno de non facer pública a relación dos que se aproveitaron da amnistía fiscal de Montoro ten algo a ver coas personalidades que aí poidan estar implicadas. Estarán aí os “nosos reis” (eméritos ou non)?

Por todo isto, este Día da Patria Galega tamén podemos berrar alto e forte “Viva a República Galega que todos desexamos”.

Non creo que por iso teñamos que durmir “nos hoteis das forzas de seguridade”, ou sí? E de ser así sempre será máis honrado que facelo por ser defraudadores á Facenda e presentarse coma os nosos salvadores.

Anímense e berren con forza “VIVA A PRÓXIMA REPÚBLICA GALEGA”



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas clausura o obradoiro de emprego co 50% do alumnado insertado laboralmente

O goberno de Ponteareas clausurou xunto ao delegado provincial da Xunta de Galicia Xosé M. Cores Tourís o III Obradoiro de Emprego "Compromiso Social III" que deu emprego e formación a vinte persoas nas ramas de sociosanitaria e albanelaría. Ademais destas vinte persoas alumnas-traballadoras tamén xenerou os postos de traballo do equipo directivo, docentes e persoal administrativo.

Este obradoiro permitiu a mellora do curriculum de vinte alumnos e alumnas para as que ademais supuxo un traballo remunerado. Dez persoas en situación de desemprego formáronse na especialidade de operacións auxiliares de revestimento e construción nivel 1, e outras dez formáronse na rama de sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio e atención sociosanitaria a persoas dependentes en institución.

Un total de 360 horas de teoría e 1.080 de prácticas que empregaron en mellorar servizos e infraestruturas municipais.

Dentro das horas de prácticas, os traballadores e traballadoras melloraron o interior da antiga escola de Guillade e as instalacións do auditorio municipal destinadas anteriormente á radio municipal. O alumnado do módulo de sociosanitaria desempregou as súas horas prácticas na residencia de maiores Santa Ana e en 43 domicilios.

Ao longo deste ano o goberno



de Ponteareas tamén conseguiu unha subvención de 125.691€ para cursos de formación ocupacional dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Os cursos capacitaron ao alumnado en "Mercadotecnia e compravenda internacional" e "Creación e xestión de microempresas". O curso de mercadotecnia, de 828 horas, contou cun orzamento de 73.368€ e o de creación de microempresas, cun orzamento de 52.323€, realizouse durante 598 horas.

Nas últimas semanas tamén se abriu o prazo para inscribirse no obradoiro de emprego "Compromiso Social III" que permitirá a inserción laboral e a formación de máis de vinte persoas desempregadas.

Ademais, dentro do Plan Concellos acaban de incorporarse vinte empregados aos que o concello ampliou en tres meses máis o contrato para acadar un total de doce meses nos que de-

sempañarán labores en distintos departamentos municipais.

Ao longo do ano, o goberno contratou en distintos réximes traballadores administrativos, limpadores, albaneis e peóns de medio ambiente entre outros postos.

O Alcalde Suliña que por primeira vez en moitos anos fíxose unha convocatoria pública de emprego para cubrir en réxime de interinidade prazas vacantes e crear listaxes de substitucións en diferentes categorías.

"Nun proceso transparente e de igualdade de oportunidades, o goberno seleccionou funcionarios interinos e persoal laboral temporal na categoría de auxiliar administrativo e convocou unha praza de traballador/a social como persoal laboral para cubrir unha praza vacante por xubilación, creando ao mesmo tempo listaxes de substitucións para cubrir baixas por enfermidade, vacacións ou acumulación de tarefas".

Comezan as actividades medioambientais de balde para todas as familias

A concelleira de Benestar Social convida a participar nestas actividades nas que se aprenderá xogando a reutilizar, reciclar e recuperar

O departamento de medio ambiente do concello de Ponteareas, que dirixe o Alcalde Xosé Represas, en colaboración coa empresa FCC e coa concellería de Benestar Social convida a todas as familias a participar nas actividades medioambientais nas que non é preciso inscribirse, tan so ter ganas de aprender xogando, e que son totalmente de balde.

Dirixidas a cativos e cativas a partir de catro anos que deben asistir acompañados dun adulto estas actividades pretenden facer recapacitar aos participantes da importancia de reciclar, de reutilizar e, sobre todo, reducir os residuos que xeramos.

Baixo o lema de recapacita, reinventa e recupera as técnicas medioambientais apoidas por voluntarios/as ensinarán ás familias os procesos de compostaxe, medidas para producir menos lixo e residuos, ideas creativas para realizar xoguetes con materiais de refugallo e a

importancia de respetar o medio natural sen invadilo cos restos que prexudican tanto a nosa saúde como a da natureza.

As actividades desenvolveranse en distintos martes ao longo do verán. As primeiras citas serán o martes día 17 ás 11:30 e o martes día 31 de xullo no parque da Feira Vella para continuar en agosto o martes 14 ás 11:30 horas no parque das Pombas e o martes 28 ás 11:30 horas no parque forestal Ferro Ucha.

O concello recorda que todos e todas as cativas deben asistir acompañados por un adulto xa que é unha actividade dirixida a familias.

A concelleira de Benestar Social e Mocidade, Verónica Carrera, salienta a importancia de concienciar e facer partícipes e responsables a toda a cidadanía, sobre todo, dende idades ben temperás para axudar a construír un futuro mellor máis sostible e solidario para Ponteareas.

Xornal galaico-portugués busca
XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO
 Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia
 Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

PONTEAREAS

Represas pide unha reunión co novo Delegado do Goberno en Galicia para concretar o investimento de 27 millóns de euros na Circunvalación e a N-120

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, ven de solicitar unha reunión co novo Delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada, para tratar dous temas vitais para o futuro de Ponteareas e especialmente para mellorar a seguridade viaria e peonil; a construción da “Variante de Ponteareas” como denomina o Ministerio de Fomento o vial de circunvalación que conectará o enlace da autovía en Moreira co núcleo urbano de Pontearas e a N-120, “son dúas actuacións demandadas pola Corporación e a cidadanía dende hai máis de dúas décadas, dende a apertura da A-52. Xa é chegada a hora de concretar estas actuacións cos proxectos de obras para a súa execución” manifestou o Alcalde.

Na carta, Represas recórdalle que Fomento ten comprometido a mellora da seguridade viaria na N-120 ao seu paso por Ponteareas e a construción da Cir-

cunvalación ou Variante de Ponteareas que comunique a A-52 co núcleo urbano e a citada N-120 con partidas concretas para a súa execución en 2018 e posteriores exercicios nos orzamentos do Estado que se acaban de aprobar.

O Alcalde infórma-lle que para a mellora de seguridade viaria na N-120, especialmente no tramo que cruza as parroquias de Areas, Arnoso e Xinzo, figura unha previsión de 3 millóns de euros para este ano e outros 3 millóns de euros para 2019. Entre as actuacións a executar está a realización do proxecto e posterior contratación das obras de construción de “glorietas” en Xinzo, Areas e Arnoso, nos enlaces cos viais municipais, así como de sendas que garanten a seguridade peonil e ciclista. Nesta zona, no tramo entre o P.Q. 645,2 e 649,9 estase rematando nestas semanas unha pequena obra de mellora da iluminación.

En canto á “Variante de Ponteareas” que conecte o núcleo urbano co enlace da autovía A-52 en Moreira, os orzamentos recollen a previsión plurianual para executar esta obra por importe total de 21 millóns de euros (consignación orzamentaria é de 1 millóns de euros neste ano, 11 millóns en 2019 e 9 millóns de euros en 2020).

Xosé Represas fai fincapé en que “sobre esta actuación, mais alá desta previsión, non existe aínda proxecto e está pendente a sinatura dun convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Ponteareas. Esta obra, pola que levamos agardando dende a apertura da autovía, resulta vital para mellorar a seguridade viaria e o futuro de Ponteareas”.

Ademais, Represas manifesta a súa preocupación polo paso do tempo sen que as cifras que teñen figurado nas contas

do Estado se cheguen a executar, “agardamos que o novo goberno en Madrid sexa sensible a esta grave situación e atenda esta demanda xa histórica de Ponteareas”.

Represas lembrou as mobilizacións promovidas pola plataforma veciñal de Areas, Arnoso e Xinzo para a mellora da seguridade viaria neste tramo que soporta máis de 16.000 vehículos día, así como as demandas da comunidade educativa do IES do Barral e a veciñanza de Angoares, Moreira e xa no núcleo urbano da Avenida Castelao.

Represas quere coñecer cales son as previsións do novo Goberno do Estado con respecto a estas obras e prazos de contratación das partidas que figuran nos orzamentos do Estado.

“É hora de rematar con esta vergoña doutras administracións con Ponteareas. Son obras básicas para garantir a seguridade



viaria e de vertebración das vías de comunicación para o núcleo urbano e a conexión coa autovía cunha vía de alta capacidade” afirmou Represas referíndose a gravísima situación de soportar toda a carga de tráfico con estradas insuficientemente poboadas ou incluso rúas do núcleo urbano.

O alcalde pretende que a esta reunión co Delegado do Goberno poidan asistir representantes de todos os grupos da Corporación ademais da Plataforma veciñal da N-120.

O PP denuncia o estado de abandono do Castro de Troña

O Castro de Troña enclavado na parroquia de Pías, foi declarado BIC no ano 2009, tamén na pasada lexislatura levouse a cabo un ambicioso Plan de eliminación das árbores invasoras, fundamentalmente eucaliptos e mimosas, para garantir a permanencia das estruturas habitacionais deste destacado enclave arqueolóxico do Concello de Ponteareas co fin de fomentar o seu potencial turístico.

Despois de tres anos de goberno tripartito no Concello de Ponteareas (BNG, PSOE e Riada do Tea), a desidia e o abandono predominan sobre

este recurso turístico, o que fixo que a vexetación crecera sen control e na actualidade mostra un abandono total.

No pasado mes de outubro os lumes que asolaron o noso concello queimaron ese entorno, e o Sr. Alcalde subcontractou a unha empresa para que cortara a vexetación queimada, pero que non retirou o cortado, senon que o deixou apilado en montóns encima das propias estruturas habitacionais do castro, e iso que pagou case 4.000€ polo traballo. E aínda hoxe, dez meses despois os restos atópanse no mesmo lugar e a vista de todos os visitantes e veciños.

A maiores, dende o Concello e despois dos incendios non se levou a cabo nin se fixo un plan preventivo ou de control do nacemento das especies arbóreas invasoras, e agora a mediados de xullo o crecemento de eucaliptos e mimosas está descontrolado, afectando ás propias estruturas. E por suposto, nada se fixo con respecto a un Plan Director de recuperación do Castro de Troña e da súa posta en valor.

O Partido Popular, a través da súa voceira Belén Villar, denuncia que no que vai de verán non se desbrozou nin se lle fixo un mantemento a este xacemento arqueolóxico, e a her-



ba, as silvas, e os fentos “chegan ata a cintura”, non se visualizan os carreiros para poder visitar as casas, perdéronse os sinais indicadores, e debido á orografía todo isto supón un grave risco para as persoas que queiran visitar o lugar.

Tendo en conta que o noso Concello forma parte do Xeo-destino Turístico Condado-Pa-

radanta, e o Sr Represas é o encargado de xestionar conxuntamente cos restantes concellos os recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais dese ámbito, parece mentira que non teña un pouco máis de sensibilidade con un recurso turístico do seu pobo, tan senlleiro, como é o Castro de Troña.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas presenta os orzamentos de 2018

O Alcalde informa que dos 16.936.298 € do total, destaca o incremento da partida no gasto social, a incorporación de 150.000€ para traídas de Augas e conxelación de taxas

Os investimentos xa incorporados nos orzamentos suman un total de 3.045.067,61€ e son financiados fundamentalmente coa subvención de fondos europeos da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable".

Haí que destacar a relevancia que se lle a o gasto social que suma un total de 2.692.784,62€ (residencia de maiores, a axuda no fogar, o centro Asprodico ou a escola infantil). Aumento da partida para emerxencia social ata os 120.000€. Axudas para libros e material escolar por importe de 21.000€.



Pola súa parte, Educación e Cultura suman un total de 2.305.070,96 euros que se investirán no Conservatorio, centros educativos, biblioteca, auditorio e as actividades festivas e cul-

turais. Outra das partidas de gasto corrente máis relevante; o servizo de limpeza viaria, recollida do lixo e tratamento en SOGAMA, suma un total de 1.650.000 euros.

Medidas como a conxelación de taxas e impostos. E rebaixas como o imposto de construcións e reformas.

Entre os acordos ligados aos orzamentos e tendo en conta acordos plenarios e aportacións de Esquerda Unida, figura a previsión de financiación do incremento salarial dos traballadores municipais, pendente de concretar xa que a negociación aínda está aberta, incremento. Previsión de amortización de licencias de taxi de 36.308,50€. Inxcrementos do 25% para axudas a Casas de Cultura e clubs deportivos que van dos 80 aos 100.000€.

O orzamento permitirá facer investimentos imprescindibles e que tamén recolle o saneamento das contas municipais e partidas destinadas a pagar sentenzas e débedas atrasadas por un total de 500.000€.

ACIP cualifica os orzamentos coma un "paripé"

Alternativa Ciudadana de Ponteareas votou en contra do novo orzamento municipal que, en palabras do seu portavoz, Juan Carlos González, "non resollen os problemas de Ponteareas e endebedan á vila en máis de 1 millón de euros".

Para González Carrera, "o orzamento preséntase en xullo e fóra de lugar porque as actuais contas, prorrogadas, están esgotadas e son ducias as facturas que se acumulan nos caixóns do concello. Unha vez máis este goberno presenta uns orzamentos que non son reais, só cara a galería e para contentar aos seus socios de goberno, obrigándose a modificálos posteriormente como xa pasou no actual mandato".

A situación, ademais, empeora coas formas nas que se pretenden aprobar as contas, pois se presentaron o luns día 9 e a comisión informativa do xoves apenas serviu para anunciar o martes seguinte levarían o documento a pleno para a súa aprobación. Con esta medida o actual goberno municipal non

dá opción á oposición para presentar as súas propostas e emendas, volvendoo demostrar, unha vez máis, que "a transparencia e consenso do que sempre dicían facer gala cando estaban na oposición, agora non o queren aplicar".

Entrando de cheo no orzamento, González Carrera asegura que o goberno "minte" ao anunciar 16,9 millóns de euros, cando 3 millóns correspóndense ao programa Europeo Edusi Hábitat Saudable e que, por tanto, "non debería figurar nesas contas que venden como as máis importantes da historia... e non o son. É máis, desde ACiP temémonos que o descontrol e a tensión entre os socios de goberno poidan ocasionar problemas á hora de xustificar esas axudas, e que dentro duns anos as teñan que asumir os veciños de Ponteareas do seu propio peto".

As críticas de ACiP diríxense tamén cara a algunhas partidas



como as de persoal, onde este grupo municipal detectou que nalgúnhas concellerías destinan diñeiro ás mesmas cando non teñen traballadores. A este respecto o goberno volve destinar orzamento para persoal sen que aínda se aprobase o convenio laboral cos traballadores municipais nin a RPT.

ACiP solicitará a resolución do problema co persoal de axuda no fogar e que non se siga pagando á empresa actual, co contrato vencido e que está a custar máis de 10.000 euros mensuais ás arcas municipais. Tamén esixirá a creación de 2 prazas máis de operarios contraincendios e a convocatoria das 10 prazas vacantes de Policía Local.

O goberno non admite a proposta do PP de restablecer servizos municipais

En marzo o Alcalde anunciou que ía reunirse cos grupos políticos chegar a un entendemento á hora de elaborar o Orzamento do 2018. Non houbo tales reunións; o pasado 4 de xullo o PP de Ponteareas presentou unha serie de propostas ao documento Orzamento 2018; restablecemento do servizo municipal, atendido con empregados municipais, do Centro Información á Muller (CIM) e o Servizo de Drogodependencia, destinando 30.000€ a cada un destes servizos. O Goberno actual non admitiu a proposta, privatizando totalmente estes dous servizos, co consecuente empeoramento da calidade.

Desde o PP de Ponteareas non entende como EU defensora dos servizos municipalizados está de acordo agora coa privatización dos mesmos, e non poña reparos

a que no orzamento deste ano 2018 o goberno elimine a partida económica de persoal destinada a empregados municipais. Xa nas contas de 2017 se produxo un aumento na subcontratación do servizo do CIM que superou os 26.000 euros con respecto ao ano anterior, e este próximo, tendo en conta que eliminan o persoal municipal, vai polo mesmo camiño.

"Desde o PP negámonos a que servizos que sempre funcionaron correctamente cos empregados municipais de xeito moi adecuado e profesional, agora se merme a calidade dos servizos e, por tanto, se perxudícase aos cidadáns. Solicitamos ao alcalde reconsidere a proposta do PP de destinar dúas partidas económicas por un total de 60.000€ no Orzamento 2018 para o restablecemento dos servizos municipais do CIM e Drogodependencia.

PONTEAREAS

EU pon condicións ao seu voto a favor dos orzamentos municipais

Esquerda Unida de Ponteareas considera positiva a decisión da Xunta de Goberno sobre aprazar os Orzamentos de 2018 a un vindeiro pleno para modificar o documento na liña que solicitou EU e para avanzar na negociación da Relación de Postos de Traballo (RPT) e do Acordo de Funcionarios.

EU instou á Xunta de Goberno a contemplar a amortización de prazas de taxi e conta cunha partida suficiente para por en marcha unha cociña municipal. Ademais, esixe que antes da aprobación dos presupostos se acorde a RPT.

Xa se incluíu a amortización das prazas de taxi por valor de 36.308 euros; ademais diso este luns EU conseguiu o compromiso do Goberno de incluír unha partida suficiente para o estudo da viabilidade da futura cociña municipal, feito que aínda que non chega ao solicitado por EU, esta organización está disposta a aceptar se se inclúe claramente nos orzamentos.

Para esta Organización política esta cociña municipal é fundamental para atender ás necesidades dos comedores escolares e das familias en exclusión social. Esta medida aportaría beneficios para Ponteareas: a eliminación do lucro privado das empresas de catering, a mellora das con-



Lino Costas, concelleiro de Esquerda Unida en Ponteareas

dições laborais e dos produtos distribuídos e a potenciación da produción agraria local. Esta medida é fundamental para camiñar cara á municipalización deste servizo. Trátase dunha proposta de gran carga política que aínda que custou que fora incluída nos orzamentos como solicitaba EU, finalmente será incluída.

Por outra banda, aínda que nos orzamentos se contempla a reserva de crédito para a negociación da RPT do concello, ESQUERDA UNIDA considera que se debería avanzar máis nas negociacións antes de chegar á aprobación orzamentaria. Constatamos falta de vontade política para avanzar nesta cuestión; conviocaban a reunión da mesa de funcionarios para tratar estas cuestións este mesmo luns, un día antes do pleno ordi-

nario ao que pretendían levar os orzamentos de 2018 e por primeira vez dende febreiro de 2016. E todo isto ante a insistencia de Esquerda Unida para rematar coa negociación da RPT e o Acordo de Funcionarios antes da aprobación dos Orzamentos. Finalmente, a Xunta de Goberno comprometeuse a convocar unha nova reunión da Mesa de Funcionarios e da Mesa Xeral antes de voltar a levar os orzamentos a pleno, momento no que EU poderá valorar o estado das negociacións para decidir o sentido do seu voto.

Esquerda Unida ten vontade para aprobar os novos orzamentos para 2018, unha vez solucionadas estas cuestións, manifestadas na xuntanza mantida entre todos os grupos este luns; así se decidiu na Asemblea Municipal aberta da organización.

Os veciños de Ribadetea organízanse nunha plataforma, para esixir o saneamento



Os veciños de Ribadetea crearon recentemente unha plataforma para reclamar o saneamento de toda a parroquia. Na plataforma veciñal están representados tamén, os colectivos e as asociacións parroquiais como a Asociación de Veciños, a Comunidade de Montes, as dúas traídas de auga e a Asociación de Caza. Este movemento veciñal xurde despois de pasados 9 anos da aprobación polo Pleno da Corporación Municipal, da realización do proxecto de dita obra, sen que ate o de agora se puidera constatar ningún avance.

Ribadetea con 900 habitantes é a maior poboación do Concello de Ponteareas que non conta con rede de saneamento de augas residuais. Dende a plataforma veciñal reclaman a redacción

e execución do proxecto da rede de saneamento para toda a parroquia. O seu obxectivo é dar servizo a todos os veciños e poder erradicar a contaminación das augas subterráneas e dos regatos que verten directamente ó río Tea, un espazo de especial protección medioambiental incluído na Rede Natura.

A martes 26 de xuño os representantes da plataforma veciñal, mantiveron unha reunión co alcalde Xosé Represas coa finalidade de comezar a poñer solución a este grave problema. O alcalde concordou coa reclamación dos veciños e comprometeuse á tramitación diante da Xunta de Galicia do proxecto de saneamento de toda a parroquia de Ribadetea. Ademais o alcalde asumiu o compromiso de cofinanciar o 20% do custe total das obras por parte do Concello de Ponteareas.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

CONDADO/PARADANTA

ARBO

Andaina e concerto de Roi Casal na Festa da Lamprea Seca en Arbo os días 11 e 12 de agosto

O Concello de Arbo, organiza a "I Andaina Popular dá Lamprea Seca", coincidindo coa XXIII edición da Lamprea, que terá lugar os días 11 e 12 de agosto na Carballeira de Turbela e na que destaca o concerto de Roi Casal na noite do sábado.

Dada a masiva participación na Andaina da Lamprea, celebrada o pasado 17 de xuño, na que participaron máis de 200 persoas, o Concello propón para o día 11 de agosto a "I Andaina Popular dá Lamprea Seca", coincidindo coa XXIII edición da Lamprea, cunha nova ruta guiada tamén pola concelleira de mocidade.

A saída está proxectada desde o museo Arbo ás 10.00 horas e regreso á Carballeira de Turbela, o percorrido aproximado é de 8 km. A inscrición

realízase en liña na pagina web do concello de Arbo, www.concellodearbo.es, ou nas oficinas do Concello, ata o 10 de agosto. Entre os participantes faranse varios sorteos con produtos e merchandising da Vila de Arbo.

Ademais, todos os visitantes que acudan a esta ruta poden participar noutras actividades lúdicas e culturais que terán lugar ao longo do día na Carballeira de Turbela, organizadas con motivo da XXIII Festa da Lamprea, degustar nos postos habilitados este manxar nas súas diferentes variedades, asada, rebozada, rechea, con fideos... acompañada dos mellores viños da D.O. Rías Baixas, a Feira de artesanía e antigüidades, a actuación grupos folclóricos, charangas, inchables para nenos gratis, zona



de picnic con mesas e sombra... Por suposto, non pode faltar a visita obrigada ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea, "Arabo", situado fronte ao recinto, que permitirá, a locais e foráneos, coñecer mellor nosos principais signos de identidade. E pola noite concerto de Roi Casal na mesma Carballeira.

Este ano propóñense dous días de Festa de Lamprea Seca,

dado a repercusión que este ciclostomo ten a nivel nacional e nos últimos tempos tamén na internacional. Na xornada do domingo, ademais da degustación e feira, celebrarase a Festa da Bicicleta con saída ás 10h. da Carballeira e ao mediodía terá lugar o III Festival Cantos de Taberna organizado pola Coral Polifónica de Arbo coa participación do grupo O Son das Tabernas.

Festa do Carme en Cabeiras

Un ano máis a Asociación Cultural Os Muíños de Cabeiras, Arbo, organiza a tradicional Festa da Virxe do Carme os días 24 e 25 de xullo. Os actos comezan coa verbena do día 24, amenizada pola orquestra Furia Joven e o Trio Robinson. O día 25 logo do pasarrúas e misa solemne con procesión haberá unha churrascada para veciños e colaboradores. Ás nove da noite terá lugar no torreiro de festas a actuación do Grupo Megadance, de Arbo, organizada polo Concello dentro da programación do verán cultural e co obxectivo de apoiar as festas e romarías populares así como ás asociacións de Arbo.

Tamén haberá xogos populares e torneos de fútbol.

Novo miradoiro na Pesqueira dos Frades

A Confederación Hidrográfica do Miño Sil, a proposta do Concello de Arbo, constrúe un miradoiro sobre o Río Miño no lugar da Estación de Arbo, sobre a Pesqueira dos Frades.

O novo miradoiro esta no Carreiro dos Pescadores, senda de máis de 10 quilómetros que presenta unha trazado paralelo á marxe do Río así como por camiños xa existentes,

utilizados polos pescadores para acceder ás Pesqueiras situadas no Río Miño e esta incluído dentro da Rede Natura.

É un carreiro cunha dificultade media nun percorrido lineal, que atravesa tres parroquias do Concello de Arbo, con interese etnográfico, paisaxístico, botánico e faunístico. O carreiro pode ser realizado en dous tramos, os pri-

meiro tramos duns 7 quilómetros aproximadamente e con saída no barrio de Urzal na Parroquia de Barcela, remata na desembocadura do Río Cea. Actualmente a Confederación tamén esta realizando obras de reparación e mantemento do Carreiro Miño - Deva, que comeza no miradoiro da Praia Fluvial da Estación, punto final do Carreiro dos Pescadores.



**LIMPIEZAS
PONTEAREAS**

Comunidades, Colexios, oficinas
cristaleiras, moqueiras, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

**EMILIO
seguros**



DECEOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

tel. información: 609 544 351

**Forjados
Hnos. Duran S.L.**



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribademe, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 150
Fax: 986 648 090
e-mail: duran@forjadosduran.com
<http://www.forjadosduran.com>

música
andainas
animación infantil
XULLO



Verán cultural 2018

PONTEAREAS
CONCELLO

deporte
cine
Ponteareas
AGOSTO

4 AO 7 I Festival Internacional de Teatro de Rúa

VENRES 6 Carballreira Rock. 22h, Celeiros

SÁBADO 7 Advanced Music Festival Emusep. Encontro de Música electrónica. A partir das 18h. Actividades dende as 11h. Pardellas

LUNS 9 Mocidade Viva. 19h, Parque da Feira Vella, Skatepark móbil

MARTES 10 Animación infantil. 17.30h inchable acuático. 20.15h música, maxia...animar-t. Parque da Perillana.

SÁBADO 14 Banastra Recicla. Leva a túa bolsa de plástico e cámbiala por unha reutilizable. De 10 a 13h, diante do Auditorio. Organiza Banastra

Ruada Jam Fest. Festival de Cultura Urbana. BMX, Graffiti, All Style Battle 1vs1, Show Break, Beatbox, Parkour, Skate, Slackline... De 12h a 00h, Parque da Feira Vella

Carreira nocturna 6h Vila do Corpus. De 20 a 02h, centro urbano. Corredores Festeiros. Animación de rúa SDK e Ronco&fol

IV Rastrexo de Areas. 22:30h. Saída: parque da Bouza Vella

DOMINGO 15 Gran Premio Mini BTT Club Ciclista Ponteareas. 11h, As Cachadas

Concerto. Banda de Música Unión de Guláns. 12:30h, Xardíns do Concello

Cine na rúa. C'est la vie! 22:30h, Xardíns do concello.

MARTES 17 Actividades medioambientais para a infancia. 11:30h, Parque da Feira Vella

MÉRCORES 18 Coñece Ponteareas. Visita guiada polo Regato da Venda ao Convento de Canedo. Saída: 19h, Ponte dos Remedios

Concerto. Esjedón Duo, Alba Reiris e Spyros Fakiolas. 21:30h, Convento de Canedo

XOVES 19 Animación infantil. 20h, Praza Maior

20 AO 23 Curso de Dirección Coral e Musical. Organiza Obradoiro Vocal A Vila

VENRES 20 Festival Rock in Rio Tea. Stoned At Pompeii, Met, Alumnado do CDM. 21h, Parque da Feira Vella

E SÁBADO 21 Festival Rock in Rio Tea. Gran Cañon, The Parrots, Terbutalina, Basanta, Her Name Was Fire, Atomic Lemons. 21h, Parque da Feira Vella

DOMINGO 22 Concurso Social de Salto. 10h, Club Hípico Char

Festival Internacional Danzando entre Culturas. Coorganiza Agrupación Folclórica Algazara. 21h, Parque da Feira Vella

LUNS 23 Fútbol 3x3. 22h, Pista do Conservatorio. Inscripcións no momento

MARTES 24 Festa do Avó. 19h, Residencia Santa Ana

Acto institucional do Día da Patria Galega. Lectura de manifesto e concerto de Xardín Desordenado. 21h, Xardíns do Concello

XOVES 26 Charla. Asociación Cancro de Mama Pilar Domingo. 20h, Auditorio.

Cine na Rúa. "Un italiano en Noruega". Ás 22h na Praza Bugallal.

26 AO 29 Feira do Libro. Praza Maior. De 12 a 14h e de 18 a 22h. Stands de venda, presentacións de libros, espectáculos infantís, música, visitas guiadas... Apertura: Xoves 26, 18h. Ás 20h, pregón a cargo de Isabel Blanco

SÁBADO 28 A Casa do Terror. Concerto familiar teatralizado. 21:30h, Praza Maior. FalaRedes. Rede de Dinamización Lingüística

DOMINGO 29 Coñece Ponteareas. Ruta literaria pola "Seraogña" de Alfonso Pexegueiro. Saída: 10h, Xardíns do Concello

LUNS 30 Basket 3x3. 22h, Pista do Parque das Pombas. Inscripcións no momento

MARTES 31 Actividades medioambientais para a infancia. 11:30h, Parque da Feira Vella

VENRES 3 Tobogán acuático. 16h, centro urbano. Organiza Banastra

DOMINGO 5 Coñece Ponteareas. Roteiro pola senda do Tea. Saída: 10h, Centro de Interpretación do Tea (CITEA), Casa Cultural de Fozara

XOVES 9 Proxección película candidata ao Premios Goya 2018. 22h no Parque da Feira Vella.

VENRES 10 Monólogo. Avelino González. 22h, Praza Maior.

SÁBADO 11 Coñece Ponteareas. Visita ao Castro de Troña e visión das perseidas e constelacións. Saída en bus: 22h, Pavillón de Deportes

11 E 12 2 Feira de Oportunidades. De 9 a 21:30h. Organiza: Asociación Comerciantes Tea

DOMINGO 12 Concerto. Banda de Música Xuvenil de Xinzo e Bailes de Salón. 21h, Auditorio Municipal. Exposición de coches antigos. A partir das 10h na Praza Maior.

LUNS 13 Fútbol 3x3. Mocidade Viva. 22h, Pista do Parque das Pombas. Inscripcións no momento

MARTES 14 Actividades medioambientais para a infancia. 11:30h, Parque das Pombas

VENRES 17 Xornada festiva na praia de San Roque. Dende as 17h. Xogos e animación coa charanga O Imperiais

Pola noite, fin de festa co Trío Arte

18 AO 24 Festival Groba. Programación específica en festivalgroba.com e ponteareas.gal

DOMINGO 19 Coñece Ponteareas. Roteiro pola senda do Tea, da Ponte dos Remedios á Ponte das Partidas. Saída: 10h, Ponte dos Remedios

Travesía a nado. A Freixa

Concerto. OCGa Emsamble. 11:30h, Residencia de Maiores Santa Ana

LUNS 20 Basket 3x3. Mocidade Viva. 22h, Pista do Conservatorio. Inscripcións no momento

XOVES 23 Animación infantil. 17:30h, Praza Maior.

25 E 26 Festival de Jazz. Nas rúas do centro urbano. Brais Lorenzo Trío, A vixe de Yoyo, Voodoo, MR Rivera, Ejazz, Alberto Vilas e Diana Tarín

MARTES 28 Actividades medioambientais para a infancia. 11:30h, Parque Forestal Ferro Ucha

MÉRCORES 29 Coñece Ponteareas. Visita guiada aos monumentos do centro urbano de Ponteareas. Saída: 20h, Biblioteca Municipal

XOVES 30 Animación infantil. 17:30 Parque das Pombas

VENRES 31 Cine na rúa. 22h, Parque da Perillana

XULLO E AGOSTO Escolas Deportivas de Verán

AGOSTO Todos os sábados, de 11 a 13h. Minichefs - obradoiro de cociña para nenas e nenos. Praza de abastos. Organiza Banastra

En caso de choiva, as actividades de cine, música e teatro realizaranse no Auditorio Municipal

MISCELANEA

O BNG apoia que a Comisión Europea impulse unha auditoría das industrias mineiras

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, manifestou o apoio do Bloque ás demandas da asociación ambiental Petón do Lobo para que a Comisión Europea vele polo cumprimento da normativa comunitaria a respecto da industrias mineiras en Galiza e en concreto da explotación San Finx. Precisamente a presidenta da Comisión de Peticións recoñeceu que grazas ao Bloque esta denuncia foi tratada na sesión de hoxe, xa que a intención inicial era pechala.

“Non podemos permitir poñer en risco a actividade produtiva da ría de Noia pola pasividade das administracións, que nin controlan os vertidos nin o impacto ambiental da explotación mineira”, salientou Ana Miranda na súa intervención durante a Comisión de Peticións sobre a situación da mina de wolframio de San Finx en Lousame, que se ben iniciou a súa produción en 1887, na actualidade é intermitente desde o ano 2009.

Precisamente Petón do Lobo, presente hoxe en Bruxelas a través do seu presidente e mariscador, denuncia a contaminación na ría de Noia provocada por esta mina, debido aos vertidos de augas ácidas con altos niveis de metais pesados, como cadmio, cobre e zinc moi por riba dos niveis legais permitidos pola Directiva 2000/60 da Auga e o abandono constante dos residuos.

Para o BNG resulta inadmisíbel non só a existencia de vertidos, senón que estes



se produzan a 7 quilómetros dos bancos de marisqueo, nunha zona catalogada como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). En concreto, no caso do cadmio, un metal pesado canceríxeno, eses niveis superan en 16 veces o nivel máximo legal permitido e en 93 a cantidade admisible en promedio anual.

Niveis de metais pesados excesivos

Segundo diversos análises, os niveis de metais pesados nos sedimentos da ría de Noia, en especial no Esteiro de Traba, son significativamente superiores aos do resto das rías galegas. “É necesario poñer fin a esta situación, porque de continuar así chegaremos a un punto de non retorno”, advirte Ana Miranda.

O cambio de titularidade en 2008 das concesións do grupo mineiro á empresa Incremento Grupo Inversor SL non mellorou a situación. Pola contra, o proxecto de restauración non foi sometido a avaliación ambiental nin foi permitida a participación pública, polo que o problema da contaminación por metais pesados persiste.

Ademais, o proxecto de explotación non contempla ningunha medida para o tratamento das augas ácidas procedentes das galerías de desagüe e a escombrera.

Ademais, a asociación formulou diversas preguntas á Comisión Europea co obxectivo de coñecer o uso dos fondos europeos destinados a este proxecto mineiro, o impacto ambiental nas zonas de produción de marisco e a falta de cumprimento das directivas relacionadas co impacto ambiental e os residuos.

José Manuel Romarís, presidente da asociación Petón do Lobo indicou, por outra banda, que xa é longo o percorrido das denuncias presentadas para modificar esta situación. De feito, as corporacións municipais de Noia, Outes e Muros xa adoptaron sucesivos acordos plenarios rexeitando a autorización para realizar vertidos de augas residuais da mina solicitada pola empresa. Igualmente no 2017, a Deputación de A Coruña reclamou de forma unánime á Xunta que realizase unha avaliación da situación das presas mineiras existentes.

UCGAL e DECO colaborarán para afrontar os retos nas relacións de consumo transfronteirizo



O secretario xeral da Unión de Consumidores de Galicia vén de asinar un convenio de colaboración transfronteirizo coa asociación lusa Defesa do Consumidor (DECO) a través do cal as dúas entidades colaborarán no fomento dunhas mellores relacións de consumo entre Galicia e Portugal. O convenio foi asinado na sede do Consello Económico e Social de Galicia polo secretario xeral da UCGAL, Miguel López, e a Directora Xeral da DECO, Ana Tapadinhas. A presentación do acto correu a cargo da presidenta do CES-Galicia, Corina Porro.

O secretario xeral da UCGAL explicou que este acordo “nace como resposta ó continuo contacto e intercambio entre dous territorios no que diariamente se establecen relacións de consumo e no que as persoas consumidoras necesitan puntos de encontro e referencia ante as dúbidas e problemáticas que lles poidan xurdir a un e outro lado da raia”.

Intres antes da firma, a Directora Xeral da DECO, Ana Tapadinhas, debullou a traxectoria da DECO sinalando a importancia da sinatura deste

convenio de colaboración, “o primeiro que DECO establece cunha asociación de consumidores galega nos seus corenta anos de historia”.

O convenio establece que UCGAL e DECO prestarán servizos ás persoas socias da outra entidade relacionados co asesoramento, a información e a asistencia para o exercicio dos dereitos que lles corresponden como persoas consumidoras. Ambos organismos asumen o compromiso de asistencia mutua nos procesos de reclamación iniciados no seu territorio por unha persoa asociada á outra entidade.

Ademais, o convenio permitirá a realización conxunta de campañas de información e sensibilización e de estudos, a mutua prestación de servizos de asesoramento en relación cos dereitos e obrigas das persoas consumidoras e usuarios; e o intercambio de experiencias e coñecementos e o apoio mutuo para a consecución dos obxectivos e reivindicacións comúns de ambas as dúas entidades.

Un dos primeiros retos que abordarán ámbalas entidades será o deseño dun mecanismo transfronteirizo de resolución extraxudicial de conflitos.

María do Cebreiro: “A produción cultural debe asumir a herdanza do rural desde unha perspectiva contemporánea e crítica”

Rosalía deixou nos Cantares Galegos moito máis ca unha simple celebración do territorio. “Mesmo facendo un canto de fundación, apártase do tradicionalismo paisaxista e fai algo que a min me parece crítico e subversivo, o que podemos chamar, como di o crítico Leo Marx, a pastoral problemática ou distópica”, analiza María do Cebreiro Rábade Villar. Século e medio despois, a investigadora e poeta identifica nese mesmo esteiro as propostas de Chus Pato e Lupe Gómez, que abordan as interaccións entre o ser humano e o medio rural galego partindo a miúdo dunha refutación dos tópicos da poesía paisaxista. Ela mesma procura situarse na intersección destas dúas poéticas singulares nun novo proxecto creativo do que avanzou varios inéditos no relatorio Que tipo de afecto é o arraigamento? Algunhas reflexións sobre poesía e lugar, que impartiu este xoves nos Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” para persoas de fóra de Galicia, organizados pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega. A autora emprendeu este camiño froito da necesidade persoal de rexistrar os procesos de perda que se están a producir no mundo rural.

A catástrofe do Prestige marcou un antes e un despois na produción cultural, especialmente arredor da poesía, que dalgún xeito testemuñou o impacto que provocou na sociedade. Porén, “outros

procesos de perda e de reconfiguración territorial”, como os derivados dos incendios forestais, “non tiveron a mesma resposta” desde a literatura, nin en forma de novelas nin de poesía. A profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela vincula este diagnóstico a unha evolución paradoxal relacionada co mundo rural. “Todos os galegos pertencemos ao medio rural dalgunha maneira e a nosa articulación discursiva como cultura dálle moito peso historicamente pero, en cambio, semella que nos fose máis difícil rexistrar ou ler os procesos de transformación contemporánea que sofre, cando o que está a acontecer agora mesmo nel é algo moi brutal”, sinala en referencia aos devanditos incendios, a caída do prezo do leite ou o despoboamento.

Para María do Cebreiro é abraiante que esta situación non estea a dar unha resposta maior desde a expresión cultural. “Todos sabemos que está pasando algo pero non temos ferramentas nin para describilo, nin para facer un loito desa perda, nin para atopar solucións. Pero eu creo que desde a produción cultural hai que asumir esta herdanza desde unha perspectiva crítica e contemporánea, non podemos desentendernos dela. Estou pensando de novo, por exemplo, no caso dos incendios forestais; eu non son novelista pero paréceme que é para pensar literariamente, porque ao final

tamén estamos desaproveitando un potencial que temos. Probablemente, atraídos polos cantos de serea de modelos urbanos, identificamos con modernidade cousas que non o son, ou que en todo caso teñen menos que ver co que nos está acontecendo que outras que temos ao lado e que nin sequera somos capaces de testemuñar”, profunda.

Dúas excepcións a esta norma son as obras da académica Chus Pato e de Lupe Gómez, que ofrecen cadansúa “resposta crítica” ante a desarticulación do tecido rural. “Escollín as dúas para este relatorio porque son poéticas moi singulares. En principio non é doado establecer similitudes entre elas, agás esa concepción crítica que teñen dos procesos de perda do mundo rural”, explica. “O ton da poesía de Lupe Gómez é de moita intensidade afectiva e a posición de Chus Pato é probablemente máis intelectualizada. Bebe do discurso filosófico contemporáneo, paréceme moi interesante como aplica, por exemplo, a teoría de Giorgio Agamben sobre o holocausto á conversión do medio rural galego en ruína, á destrución dun modo de vida. No caso de Lupe Gómez, a relación con esta cuestión é máis visceral, máis baseada seguramente no rexistro da propia experiencia. Ao ser as dúas tan distintas, tamén constitúen un bo banco de probas para pensar estes problemas”, detalla.

Nesta mesma liña que chama de pastoral problemática “ou distópica” mó-



vense os versos inéditos que María do Cebreiro compartiu co alumnado dos Cursos de lingua e cultura galegas para persoas de fóra de Galicia, a través dos cales abriu unha porta que ata hai pouco permanecera pechada, a que a conecta coas raíces que, como a maioría da poboación galega, ten no rural. Ela xa non é, como era o Balbino de Memorias dun neno labrego, unha rapaza da aldea, senón que adopta unha posición consciente de intermediación. “René Char dixo que a nosa herdanza non foi precedida de ningún testamento. Penso que isto resume moito o que nos sucede aos galegos. Herdamos un mundo que non somos conscientes de ter herdado. Polo tanto, herdámolo non como plenitude senón como algo destruído. Penso na cantidade de cousas que o meu avó sabía facer e eu non, como a lectura dos ciclos naturais. Esa herdanza non chegou a min máis que como perda, e de súpeto, quizais polo ciclo vital no que me atopo, sentín a necesidade de rexistrar eses procesos, porque se seguimos dándolles as costas ao mellor pérdense para sempre”, conclúe.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BAIXO MIÑO

TUI

Remodelación do goberno de Tui

O alcalde, Carlos Vázquez Padín, vén de remodelar as delegacións da alcaldía logo de que o concelleiro Andrés Urseira, por incompatibilidade laboral e de mutuo acordo co resto do equipo de goberno, deixará dúas das delegación que viña ocupando, como son as áreas de Deportes e Turismo. Porén seguirá ao fronte da Eurocidade e as Relacións Supramunicipais coma viña facendo dende o pasado mes de outubro.

Esta decisión leva a reestructuración das delegacións de tal xeito que dende a próxima



semana o alcalde pasará a xestionar directamente a área de Turismo, e o concelleiro Eduardo Freiría asume Deportes, un departamento que sumará aos de Cultura, Patrimonio e Medio

Ambiente. Por este motivo, dada a sobrecarga de traballo deste edil, o rexedor tudense proporá no pleno deste mes de xullo unha dedicación parcial para Eduardo Freiría.

Dez persoas perceptoras da RISGA comezaron a traballar no Concello

Dez persoas comezaron a traballar no Concello de Tui coma peóns grazas á achega de 103.260,15 concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ao Concello de Tui para a contratación persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA. O contrato terá unha duración de sete meses.

Por outra parte dende hai unha semana dúas bolseiras do Plan de Práctica Laboral da Deputación de Pontevedra están a realizar a súa estadia laboral no Concello de Tui por



un período inicial de 6 meses, prorrogables outros 8. Trátase dunha graduada en Xornalismo que realiza a súa formación na Radio Municipal e Gabinete

de comunicación e outra persoa co Ciclo superior produción audiovisual e espectáculos formarase no Departamento de Cultura.

III Aula Internacional de Saxofón

Unha vintena de persoas participaron na III Aula Aberta de Saxofón organizada polo Conservatorio Profesional de Música de Tui e a Asociación Frai Rosendo Salvado co patrocinio do Concello, celebrado do 11 ao 13 de xullo. Este ano incorporou análise e improvisación e jazz.

Ademais ofreceu dous concertos dirixidos ao público en xeral. O primeiro, o de inauguración na igrexa de San Domingos, a cargo dos profesores Rafael Yebra, Fernando Ramos, Xosé Miguélez, Jeffery Davis e Wilfried Wilde. No mesmo realizárase a estrea absoluta da obra "Antecamara" de Car-

los Acevedo e a estrea en España de tres composicións "Sakana" de Dai Fujikura, "Apneia" de Dimitris Andrikopoulos e "Ulterior Motives" de Andrew Cote. Na sala de audicións do CMUS Profesional de Tui, celebrouse o concerto de clausura a cargo os alumnos participantes nesta Aula.

O Concello concede a licenza para a rehabilitación do edificio para os novos xulgados na praza de Galicia

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui vén de conceder á Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia a licenza municipal de rehabilitación, reforma e cambio de uso do edificio situado na praza de Galicia, que anteriormente se destinaba a centro de saúde. O orzamento de execución de obra supera o 1,4 millóns de euros.

O novo edificio xudicial

terá unha superficie superior aos 1.800 metros cadrados distribuídos no soto, onde se emprazarán os arquivos e os calabozos, unha planta baixa con carácter institucional na que o vestíbulo dará acceso ás tres salas dos xulgados e un primeiro andar con carácter administrativo onde se distribuirán as dependencias dos tres xulgados, segundo se avanzou no mes de decembro na presentación do proxecto.



Comeza a retirada de amianto e a descarga de forxados na zona cero de Paramos

O 3 de xullo comezaron os traballos de retirada do amianto e a descarga de forxados con cargas de cubertas derruídas na zona cero da explosión no barrio da Torre en Paramos, logo de que a xuíza autorizase esta intervención o venres anterior. A empresa contratada polo Concello leva dende o venres 22 realizando o desamiantado da zona afectada pola explosión comezando pola área máis lonxana e agora actuando xa na

zona cero. Até o momento téñense recollido 24 toneladas de amianto que están ensacados e encapsulados.

Amais da retirada da uralita e doutros materiais contaminantes tamén se está a proceder á eliminación da carga entullos de cubertas derruídas sobre forxados, e a demolición daquelas estruturas que corren risco de desplome.



Os alcaldes de Tomiño e Cerveira relatan a súa experiencia transfronteiriza no IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos Participativos

Os alcaldes de Vila Nova de Cerveira e Tomiño, Fernando Nogueira e Sandra González, respectivamente, foron os convidados do segundo día do IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos Participativos, celebrado na Coruña, entre 4 e 6 de xullo. O Orzamento Participativo Transfronteirizo Cerveira-Tomiño foi analizado como unha experiencia innovadora e de éxito.

Dando continuidade aos encontros celebrados desde 2012 nas localidades de Odemira, Molina e Punta Delicada, o IV Encontro Ibérico ten como obxectivo ser un espazo de intercambio das diversas experiencias dos Orzamentos Participativos aplicados en toda a Península Ibérica e illas, así como nalgunhas cidades da América Latina.



Ao longo de tres días, o encontro desenvólvese entre conversas abertas, reunións de traballo, workshops, conferencias, mesas redondas, presentación de libros e mesas de experiencias. E foi nesta vertente que o alcalde de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, e a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, foron convidados pola organización a compartir e testemuñar a experiencia do Orzamento Participativo Transfronteirizo, que

xa vai na segunda edición, e cuxa adhesión creceu significativamente.

Tanto a alcaldesa de Tomiño, como o presidente da Cámara de Cerveira, explicaron que a cooperación transfronteiriza permite aproveitar equipamentos comúns e levar a cabo proxectos que de forma unilateral, non serían viábles. “Para nós, o OPT é un medio para fomentar a implicación entre as dúas comunidades veciñas”, comentou Sandra González.

Cerimónia de assinatura do Acordo de Cooperaç o para a constituic o da Rede de Intermunicipal de Bibliotecas do C vado

Decorreu día 2 de xullo, no Museo dos Biscainhos, em Braga, a cerimonia de assinatura do Acordo de Cooperaç o para a constituic o da Rede de Intermunicipal de Bibliotecas de Leitura Publica do C vado, entre a CIM C vado e a Direç o Geral do Livro, dos Arquivos e das Bibliotecas (DGLAB).

Na cerimonia estiveram representados, atr v s dos seus presidentes, os seis Munic pios que constituem a CIM C vado (Terras de Bouro, Amares, Barcelos, Braga, Esposende e Vila Verde) e o Diretor-Geral da DGLAB, Silvestre Lacerda. O grupo de traballo dos Bibliotec rios das seis bibliotecas de



leitura p blica da CIM C vado e os representantes do Secretariado da CIM C vado marcaram tamb m presenza na sess o.

O objetivo das Bibliotecas de Leitura P blica do C vado   «melhorar o servi o prestado aos munic pios e a todos os cidad os, contribuindo para o seu desenvolvemento pessoal e comunit rio. Tal implica a

qualificaç o dos servi os das bibliotecas p blicas, atr v s de a  es de disponibiliza  o e actualiza  o dos diferentes recursos e servi os, de forma cooperativa, articulada e em rede, de modo a consolidar os p blicos existentes e a atrair novos utilizadores, com intereses e necesidades diferenciadas».

Visita da Secret ria de Estado do Ordenamento do Territ rio e Conserva  o da Natureza, C lia Ramos, a Terras de Bouro

No dia 9 de xullo, o Presidente da C mara Municipal de Terras de Bouro, Manuel Tibo, acompanhado da Vereadora do Munic pio, Dr.  Ana Genoveva, recebeu nos Pa os do Concelho para uma reuni o de traballo a Sr.  Secret ria de Estado do Ordenamento do Territ rio e Conserva  o da Natureza, Dr.  C lia Ramos.

No encontro, que contou igualmente com a presenza do Dr. Armando Loureiro do ICNF e da Eng.  S nia Almeida da ADERE, foram escalpelizados diversos assuntos importantes na sequ ncia da Resolu  o do Conselho de Ministros n.  83/2016 e no que concerne ao Projeto 4, nomeadamente: o Ordenamento e sustentabilidade da Zona de Prote  o Total da Mata de Albergaria ( rea de Intervenc o Espec fica da «Mata do Ger s» de acordo com o previsto no POPNPG); a gest o e ordenamento da visita  o massiva sazonal; a promo  o de transportes alternativos e fruic o do espaco natural; a promo  o e a adoc o de uma conduta respons vel de visita  o; a interven  o nos cami os da Mata

de Albergaria e identifica  o/sinaliza  o da mata; a beneficia  o do cami o florestal entre Leonte e a Portela do Homem e a implementa  o de bolsas de estacionamento na periferia da Mata de Albergaria.

Seguiu-se um p riplo pelo concelho, onde tamb m marcaram presenza a Chefe de Gabinete de Apoio   Presid ncia, Dr.  Liliana Machado e o Adjunto do Presidente da C mara Municipal de Terras de Bouro, Sr. Avelino Soares e onde foram assim abordados no terreno: a situa  o da melhoria do pavimento da mata da albergaria, a cria  o de zonas de estacionamento, a requalifica  o da zona envolvente   Portela do Homem e a melhoria da rede vi ria entre Leonte e a Portela. Foi de igual modo tratada a situa  o da Praia do Alqueir o, onde por parte da Secret ria de Estado do Ordenamento do Territ rio e Conserva  o da Natureza, foi manifestada a total disponibilidade para, conjuntamente com as entidades respons veis, encontrar solu  es e financiamento para a requalifica  o da Praia de Alqueir o.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

As praias guardesas de “O Muíño” e “Area Grande” izan o distintivo de Bandeira Azul

O martes 3 de xullo tivo lugar o acto de izamento das Bandeiras Azuis nas praias de Area Grande e O Muíño coas que se marca o comezo da temporada de verán nestas dúas praias recoñecidas da Guarda.

Ata a praia de Area Grande desprazáronse o Alcalde, Antonio Lomba, e a Concelleira de Turismo, Montserrat Magallanes, e xunto cos socorristas izaron o distintivo co que conta esta praia emblemática da franxa costeira, Bandeira Azul.

Despois trasladáronse ata o areal fluvial do Muíño no Río Miño, que este ano recibe os distintivos de Bandeira Azul e o de «EcoPlayas».

Un ano máis as praias de “O Muíño” e “Area Grande” do Concello de A Guarda lucen o distintivo internacional de bandeira azul como recoñecemento á calidade medio ambiental e aos servizos que ofertan.

A Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor



(ADEAC), e a rama española da Federación Europea de Educación Ambiental (FEE) fixeron público o listado de todas as bandeiras azuis que se concederon no territorio español para esta tempada de verán.

Estas praias contan cos servizos esixidos por Bandeira Azul como paneis informativos, análise de augas, servizo de limpeza e de recollida de residuos, duchas e aseos, e o servizo de salvamento e socorrismo que atende aos dous areas e que comeza co arranque estival.

O concello da Guarda quere resaltar o esforzo realizado para a súa concesión no re-

ferente o mantemento e mellora das actuacións e servizos véndose recompensado un ano máis coas dúas bandeiras azuis para o concello.

Nesta resolución tamén se lle adxudicou o distintivo de “Sendeiro Azul” o camiño que une ambas praias. Este camiño ten o recoñecemento dende o ano 2013. A finais do pasado ano o Concello da Guarda enviou a documentación da candidatura para que as súas praias e o sendeiro conseguiran este distintivo. Despois de pasar un tribunal nacional e tamén un internacional, finalmente acadouse un resultado favorable.

Visitas guiadas regulares e gratuítas ao Monte Santa Trega

Como cada ano pódese coñecer o Monte Santa Trega grazas á oferta de visitas guiadas a este espazo. Para estas dúas próximas semanas as visitas concentraranse o sábado e domingo cunha oferta de dous diferentes percorridos.

As fins de semana do sábado 14 e domingo 15 e o sábado 21 e domingo 22 de xullo poderase coñecer o Monte Santa Trega acompañado dun guía.

Aquelas persoas que desexen realizar unha visita guiada completa polo emblemático monte e coñecer máis polo miúdo o seu valor arqueolóxico, relixioso e paisaxístico, poderán participar nas saídas ás 12:30 h e ás 17:00 h do Museo Arqueolóxico de Santa Trega, MASAT. Dende alí, as e os participantes coñecerán as pezas expostas no museo e continuarán coa visita a ermida de Santa Trega para despois baixar polo sendeiro do Vía Crucis ata o Castro de Santa Trega onde se explicarán os contidos arqueolóxicos deste espazo escavado. Esta visita terá unha duración aproximada de 90 minutos.

Ademais ás 11:30 ofreceranse



unas visitas guiadas centradas unicamente no castro, cunha explicación do xacemento arqueolóxico de 30 minutos.

As persoas interesadas en participar deberán presentarse á hora de saída no punto de encontro indicado. Malia que as visitas son gratuítas, competer en conta que o taxa de acceso ao Monte Santa Trega é de 1€ para as persoas adultas e de 0,50€ para os e as menores de 14 anos. Os grupos formados por máis de 10 persoas deberán reservar a súa visita previamente chamando ao Museo Arqueolóxico do Monte Santa Trega (986 610 504).

Proximamente anunciarase o novo calendario de visitas guiadas gratuítas para o resto de temporada 2018 con horarios ampliados.

Excelente acollida na primeira visita teatralizada na Guarda

O pasado xoves día 5 de xullo, comezou na vila da Guarda a programación de visitas teatralizadas que se repetirá semanalmente os xoves ás 21:00h durante todo o verán ata o 30 de agosto, agás os xoves 19 de xullo e 9 de agosto.

Baixo o concepto “De alén mar para A Guarda” e enmarcado nas conmemoracións do 100º aniversario da creación da xunta organizadora para a construción do Hospital Casa-Asilo da Guarda, as visitas tea-

tralizadas deste verán toman coma fonte o libro “Hospital Casa-Asilo de A Guarda(1918-2018), Centenario de una institución benéfica nacida en Puerto Rico”, obra do historiador local Joaquín Miguel Villa Álvarez.

Esta actividade amosa á cidadanía a nosa historia e patrimonio dun xeito ameno e diferente, conxugando a técnica teatral coa divulgación do noso pasado, involucrando aos participantes e facéndoos partícipes neste espectáculo.

As visitas, realizadas pola compañía Os Quinquilláns, percorren o centro histórico, comezando ás 21.00h. na Praza do Reló, e seguindo pola rúa Colón, rúa Baixo Muro, rúa José María Lomba Peña, rúa Malteses, para chegar ó Porto da Guarda, onde rematou cunha actuación do grupo de pandereiteiras Tremelique.

Os actores protagonistas, Lucho Penabade e Tero Rodríguez, dan vida a dous personaxes influentes da Guarda de 1918. Nese momento, coinci-



dindo coa toma de decisión da construción do Hospital Casa-Asilo da Guarda, actual edificio que alberga as instalacións do Centro Cultural na Rúa Rosalía de Castro.

A través deste fio condutor, a compañía fai unha intensa labor de contar como foi o proceso da creación desta xunta organizadora en Puerto Rico.

Pero por se isto fora pouco, o espectáculo agocha sorpresas musicais, que variarán cada xoves e que nesta primeira visita correu a cargo do grupo de pandereiteiras Tremelique.

Todos estes ingredientes fan desta actividade unha proposta diferente, divertida e que congregou a case un cento de veciños e visitantes.

SALCEDA DE CASELAS

José Rodríguez, Elvira Lemos e Juan Soto Salcedenses Distinguidos



O domingo 15 de xullo, día grande das Festas do Cristo, tivo lugar o nomeamento como Salcedenses Distinguidos do sastre José Rodríguez Martínez, a ferreiteira Elvira Lemos Márquez e o membro fundador do Caselas Fútbol Club Juan Soto Fontaiña. A

Banda de Música de Salceda interpretou a marcha "Xente con Historia", creada especialmente para este acto.

O acto foi emitido en directo por primeira vez a través do Facebook do Concello de Salceda de Caselas.

Salceda homenaxe a "Baby Boom" no Estourazo



O sábado 14 de xullo Salceda deu o pistoletazo de saída das Festas do Cristo ás 22:00 horas dende o balcón da Casa da Cultura Castela, co xa tradicional "estourazo". Este ano a encargada de disparar o estourazo foi Inés Curro, matriarca de Salceda, e máxima representante do que se ven chamando a "Salceda do baby boom", pois polas súas mans pasan a práctica totalidade das mulleres que cada ano dan a luz en Salceda. Así, este ano o Equipo de Goberno decidiu renderlle unha máis que merecida homenaxe a todas esas mulleres e a os centos de cativos e cativas que enchen de alegría a vila cada día. A elección de Inés Curro como representante serve tamén como agradecemento á enorme laboura que está a levar a cabo en

Salceda, coa creación de proxectos como "O Coliño Bailongo", que se ten convertido xa en referencia ao longo do País como método para favorecer un bo embarazo e un parto máis fácil, así como para acrecentar máis aínda se cabe os vínculos entre nais e fillos unha vez que estes deixan o ventre materno.

Salceda leva estado á cabeza tanto no que se refire á maior taxa de natalidade como á menor idade media dos municipios de Galicia, polo que este feito ben merecía ser homenaxeado nunha festa como a do Estourazo.

O Estourazo estivo precedido do desfile da Agrupación Gaiteira de Salceda, que reúne cada ano a dúzias de gaiteiros e percusionistas de Salceda e arredores que se xuntan anualmente para a ocasión.



Clausurado o II Campus Denis

Salceda clausura o II Campus Denis Suárez logo de 15 días de actividades na que máis de 100 nenos recibiron a visita de Rubén Blanco y David Goldar, ademais de Denis Suárez, presente na maioría das sesións. A partir de setembro a Escola de Fútbol Denis Suárez acollerá a xoves futbolistas desde mini a xuvenil.

BODEGUILLA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

LOURINHA

O PORRIÑO

A alcaldesa comprometése cos empresarios de A Granxa a melloras no polígono

Aumentar a seguridade vial coa construción de tres novas rotondas, controlar o cumprimento da ordenanza municipal que limita as horas de estacionamento de camiões ou que o transporte metropolitano chegue ata o polígono industrial, foron algún dos temas tratados pola alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e empresarios da Entidade Urbanística de Conservación da Granxa, co seu presidente, Indalecio Cuevas, á cabeza, nunha xuntanza que as dúas partes cualificaron de “moi positiva”.

Os empresarios trasladáronlle á alcaldesa os asuntos principais tratados hai días na Asemblea Xeral da Entidade Urbanística de Conservación da Granxa, entre os que cabe salientar a necesidade urgente, coma sublimaron os empresarios e a propia García de la Torre, que “entre xa en funcionamento a extensión do transporte metropolitano ata o polígono industrial”, no que traballan milleiros de persoas e polo que circulan, a diario, varios milleiros máis.

Outro asunto tratado na xuntanza foi o da necesidade de suprimir a peaxe de AP-9 para camiões no treito Vigo-O Porriño. As dúas partes salientaron que é unha oportunidade para aproveitar mellor as infraestruturas, posto que “ademais de optimizar o uso da autoestrada rebaixaríase a densidade de tráfico da A-55”.

Outra das demandas dos empresarios da Granxa, é a necesidade da construción e posta en funcionamento dunha Central de Transporte na Área de Vigo, “a ser posible no Porriño”, que dea servizo ao sector, sendo esta unha iniciativa que está en mans do Consorcio da Zona Franca de Vigo onde xa hai partida orzamentaria para facelo.



Gardería

Tamén tratouse dun dos principais obxectivos dos empresarios: que haxa unha gardería en A Granxa. Neste senso informouse á alcaldesa que a Entidade Urbanística de Conservación da Granxa, colabora coa Consellería de Política Social, para poder dotar ao polígono desta escola infantil.

Neste senso, Eva García de la Torre ofreceu a colaboración do Concello para poñer unha parcela dotacional municipal, no PPI6 sector 2, ao servizo desta iniciativa.

Por último, a alcaldesa amosou a súa total disposición á seguir realizando melloras, “de xeito continuado”, nas estradas, beirarrúas, limpeza e mantemento de zonas verdes que, para os empresarios é un tema de grande importancia, en especial para os usuarios e traballadores do parque empresarial.

O paro no Porriño en niveis de hai 10 anos

O número de desempregados no Porriño estaba, a finais do pasado mes de xuño a niveis de hai dez anos. En total, 1.430 persoas estaban anotadas coma demandantes de emprego na vila, 66 menos que o pasado mes de maio, o que representa un descenso do paro dun 0,7%.

A taxa de desemprego no Porriño, dacordo cos datos publicados este venres polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, situouse na vila no 15,3%, o que supón preto de 8 puntos menos que cando o actual Goberno Local empezara o seu mandato: daquela 2.139 porriñeses –o 23,1% da poboación en idade de traballar– estaba sen traballo, 703 máis que na actualidade.

En relación co mes de xuño de 2017, o número de veciñas e veciños anotadas coma demandantes na oficina do Servizo Galego de Emprego baixou de 1.705 a 1.430, o que supón que hai 275 traballadoras e traballadores máis no Porriño e que en so un ano o paro caeu en 3 puntos.

As medidas postas en marcha dende o Goberno local para reducir o desemprego no Porriño, fundamentalmente por medio dos programas ‘Porriño Accede’

e ‘Plan de Emprego para Mulleres (PIEM)’, conqueriron que un total de 113 porriñesas e porriñeses estean xa traballando.

No que vai deste 2018, os 14 convenios asinados polo Concello con outras tantas empresas de automoción, loxística, mantemento ou distribución, fixeron posible que 46 persoas asinasen un contrato de traballo, o 73% das 66 que participaron neste programa dende o 1 de xaneiro.

Polo que atingue ao ‘Plan de Emprego para Mulleres (PIEM)’, está dirixido este ano a un total de 85 porriñesas en situación de desemprego, especialmente, mulleres novas, menores de 30 anos e sen cualificación profesional.

Como resultado do mesmo, hai tres meses, 11 delas comezaron a traballar coma soldadoras na planta de Viza Automoción no Porriño, que conta cun plantel de 500 persoas e subministra os seus produtos a grupos tan importantes coma PSA Peugeot Citroën, Audi, Renault, Volkswagen, Mercedes, Toyota ou Porsche.

Dentro destes mesmos programas, outras 16 persoas demandantes de emprego iniciaron as súas prácticas en Gestamp grupo internacional adicado ao deseño, desenvolvemento e fabricación de componentes metálicos para o automóvil.

**Talleres
Guiller Motor**

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel/Fax 986 66 15 41

**Panadería Pastelería
A Fogaza**

Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Pontearreas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

O PORRIÑO

EU-SON pide o apoio do pleno á concentración para ampliación do Centro de Saúde

A concentración será o xoves 26 de xullo, ás 20:00 horas, na praza Arquitecto Antonio Palacios

EU-SON Porriño presentará unha moción solicitando ao pleno o apoio e participación de todos os grupos municipais á concentración do xoves, día 26 de xullo, que reivindica a ampliación do Centro de Saúde e máis persoal, servizos e dotacións para o mesmo. Así mesmo, piden que dende o Concello se dea convite a para participar na convocatoria ás asociacións, colectivos, sindicatos e organizacións do municipio.

"A situación do Centro de Saúde empeora no verán e faise inasumible tanto polo persoal como polos pacientes



que teñen que acudir a este centro", apunto o edil Pedro Ocampo, "En contactos co persoal médico transmítennos que a situación non se pode soste e que non se pode manter todo o verán". E é que, como apuntamos onte, en ocasións tan só un médico atende as gardas no PAC, tendo que dar cobertura aos concellos do Porriño, Mos e Saceda e tendo que facerse cargo

das consultas a domicilio. "Esta situación vaise manter todo o verán se non facemos algo e nos implicamos todos os grupos municipais do pleno", conclúe Ocampo.

A concentración será o vindeiro xoves 26 de xullo, ás 20:00 horas, na praza Arquitecto Antonio Palacios (Concello). As protestas continuarán os últimos xoves de cada mes.

As beirarrúas de Pontellas arranxaranse pasadas as Festas de San Campio

O tenente de alcalde e concelleiro de Vías e Obras, logo da denuncia do PP local sobre o estado das beirarrúas feitas hai un ano na parroquia de Pontellas, sinala estaba xa ao tanto desta situación e que en canto tivo coñecemento da mesma "púxeme en contacto co que fora director desta obra, cos técnicos municipais e coa empresa que realizou os traballos para arranxar este problema".

Manuel Carrera subliña que o 'deterioro' ao que se refire o PP local "está localizado en dous sitios concretos" dunha beirarrúa que mide máis de 2 quilómetros e que, dacordo coas primeiras análises do mesmo, trátase dunha circunstancia "atípica", que vaise arranxar axiña.

Carrera reitera que xa hai días que falou coa empresa



fixera a obra que "tomará as medidas precisas e levará a cabo as reparacións que sexan necesarias en canto rematen as Festas de San Campio".

O concelleiro de Vías e Obras engade que "agradezo ao PP que estea pendente destas circunstancias, coma fan os veciños, e que vele pola seguridade e integridade das porriñesas e porriñeses porque iso si é facer política en positivo".



Porrigalia 2018, lecer, entretemento, música, e xogos do 20 ao 22 de xullo

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e a concelleira de Festexos, Soledad Girón, presentaron a 'Porrigalia 2018', a 5ª edición desta festa que 'tomará' O Porriño entre os días 20 e 22 xullo e que terá coma grandes citas os concertos de 'Mojinos Escocíos', o venres, día 20, e de 'Ses' o 21 que, coma salientou a alcaldesa toca en Porrigalia grazas á contribución da Deputación de Pontevedra, que asume o seu caché.

Soledad Girón indicou que Porrigalia mantén o seu carácter de celebración aberta a todas as idades e, neste sendo, a súa programación está pensada para que as veciñas e veciños poidan gozar da mesma nas rúas, con actividades nas que pode participar toda a familia.

A festa empezará ás 9 da noite do venres co 'Desfile da Garda Pretoriana', entre San Sebastián e o Concello, diante do cal será o aceso do pebeiteiro, que este ano fará a atleta porriñesa Carla Guisande.

De seguido, chegará o momento da 'Animación' por parte dos 'Gardas de Ent', xusto antes da actuación de 'Mojinos Escocíos' na rúa Domingo Bueno.



O sábado 21, empezará coa 'Animación na rúa', ás 11 da mañá na Praza de Antonio Palacios, seguida da Exhibición de Cetrería, unha proposta que recupérase nesta edición de Porrigalia e, de novo, o Desfile da Garda Pretoriana. Xa pola tarde-ás 6- será o momento da 'Exhibición de loitas e xogos', diante do Concello, ao tempo que ábrese, ata as 9 da noite, fronte á Igrexa de Santa María, 'Pekegalia e Bebegalia'.

A tarde seguirá coa Exhibición de Cetrería, a actuación pola rúa de 'Festicultores Troupe', dende as 8, e ás 10 e media, no escenario de Domingo Bueno, a actuación de 'Ses'.

O domingo, día 22, ao mediodía, Pablo Trasno empezará animando o día na Praza de Antonio Palacios; de seguido unha nova Exhibición de Ce-

trería, antes da Butukada e a Charanga polas rúas da vila.

Ás 6 da tarde, diante do Concello, 'Exhibición de loitas e xogos' e as 'Finais dos xogos'-tiro de corda, traga-bolas, carreira de ovos, tres en raia, canastra, puntería, tiro de menhir e serpe de globos-; de novo, 'Exhibición de cetrería', ás 7 e media, Animación e, ás 10 da noite, na Praza de Antonio Palacios, Espectáculo de Clausura e Lume, da man de Deabru Beltzak, con 'Les tambors de Feu'.

A concelleira de Festexos, subliñou que 'Porrigalia 2018', aposta tamén por 'Obradoiros participativos', aos que pode sumarse todo o mundo, e que teñen coma obxectivo o entretemento, este ano serán de pedra, petroglifos, forxa, cestería, cerámica coiro e madeira.



Arde a capela de San Campio

Un incendio queimou por completo a tarde do martes 16 o interior da capela de San Campio en Pontellas, parroquia porriñesa que estos días estaba a celebrar as súas festas de San Campio, que non foron suspendidas.

O lume, que se declarou pasadas as catro da tarde, provocou a caída do teito. No momento en que se iniciou

o lume, a capela estaba pechada, polo que non se rexistraron danos persoais. Bombeiros, Protección Civil e medios do concello traballaron durante horas na zona para evitar o derrubamento.

Só conseguiron salvar unha escultura de pedra e tres tallas de madeira. A entrada á capela está precintada e xa están a investigar as causas do incendio.

na nosa WEB

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARDA



ecocelta
Naturaleza en equilibrio

Ecocelta co campo galego

Abonos e sustratos
ecolóxicos

Materias primas
de Galicia

Ecocelta Galicia, S.L. T. 986 645 487 administracion@ecocelta.com
Crta. PO-253 km 0,8 Pontacóns-Pías 36895 Ponteareas

